

# CERTAME

## "COOPERATIVISMO NO ENSINO 2013"

Poden participar no certame o alumnado e profesorado de todos os centros educativos galegos de educación infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional, segundo as modalidades e categorías seguintes:

### Modalidades

Na modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo poden participar as seguintes categorías:

- A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.
- B: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.
- C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.
- D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

### Premios

- Un premio ao mellor traballo de cada categoría: os autores e autoras do traballo premiado en cada categoría recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.200 €.
- Un accésit por cada categoría: os autores e as autoras de cada traballo premiado recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 1.200€

Na modalidade de Actividades Cooperativizadas poderán concursar, nas seguintes categorías:

- E: alumnos/as do primeiro ciclo da E.S.O.
- F: alumnos/as do segundo ciclo da E.S.O.

### Premios

- Un premio ao mellor traballo por categoría: os autores e as autoras do traballo premiado en cada categoría recibirán material audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.200€.

Na modalidade de Proxectos Empresariais Cooperativos

O alumnado e profesorado dos centros educativos que impartan formación profesional específica poderán presentar a este concurso os proxectos empresariais cooperativos.

Na elaboración de cada proxecto deberán participar como mínimo tres alumnos/as, que deberán estar dirixidos por un/unha profesor/a-director/a.

Avaliarase a coherencia, a orixinalidade e a viabilidade económica dos proxectos empresariais cooperativos, así como a súa relación coa contorna onde se desenvolvan.

### Premios

- O/s autor/es, a/s autora/s do mellor proxecto recibirá/n un único premio de 5.000 euros. Será obrigatorio a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto. O prazo para a presentación da documentación xustificativa rematará o 30 de setembro de 2013.
- Material audiovisual ou informático, por valor máximo de 1.200 euros, para o profesor/a-director/a do mellor proxecto.
- Dous accésit por un valor equivalente a 1.500 euros para cada proxecto finalista, que se repartirán entre os alumnos e as alumnas que elaboraron cada un dos proxectos finalistas.
- Un accésit por un valor total equivalente a 500 euros en material audiovisual ou informático, para cada un/unha dos/as profesores/as-directores/as dos proxectos finalistas.

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 15 de maio de 2013

As bases reguladoras da convocatoria poderanse consultar na web [www.cooperativasdeg Galicia.coop](http://www.cooperativasdeg Galicia.coop), e no DOG número 71 publicado o 12 de abril de 2013.

Máis información [www.cooperativasdeg Galicia.coop](http://www.cooperativasdeg Galicia.coop)  
Consello Galego de Cooperativas 881 999 268